

Noia. Feira Medieval 2026

«Recuperamos a esencia da Feira Medieval de Noia»

O alcalde Fran Pérez confía nunha participación maior á do ano pasado ● O sábado agarda unha afluencia de 30.000 persoas



Ana Moas, Francisco Pérez, Chelo Martínez e Moncho Pérez.

Iker Cotón

Noia prepárase para vivir unha das súas grandes citas anuais do calendario festivo. A vila xa conta as horas para a Feira Medieval deste 2026, que terá lugar nesta fin de semana, de venres a domingo, cun amplo programa que inclúe obradoiros de artesanía, música e espectáculos de todo, que farán que a vila mariñeira retroceda no tempo varios séculos.

A decoración é un apartado fundamental para este tipo de celebracións e dende Concello de Noia aseguran ter recuperado a esencia da Feira Medieval nesta edición de 2026. «Investimos moito en decoración e animación. Recuperamos a animación particular propia de este tipo de festas», resalta Fran Pérez, alcalde de Noia, que confía en que a vila viva unha celebración sen precedentes. «Agardamos unha participación superior ao ano pasado e a outros anos», dixo. «O tempo vai acompañar e o sábado esperamos unha aglomeración de 30.000 persoas, o que case triplica a poboación da vila».

«Investimos moito en decoración e tamén en animación» para que a viaxe ao pasado da vila sexa espectacular

Dende a organización presumen de ter recuperado o espírito tradicional da Feira Medieval, aínda que incluíndo algúns cambios. «Fixemos un cambio moi importante no espectáculo dos cabaleiros, que é un dos favoritos cada ano. Ademais, mudamos as actividades de cetrería, que agora terán lugar nos xardíns de Felipe de Castro, por mor do benestar animal».

Estas non serán as únicas novidades desta edición, avisa o alcalde. «Unha estrea importante son as actuacións dun grupo de *banderatores* da Toscana, un espectáculo visual con bandeiras, acrobacias e malabares». Ademais, un dos principais atractivos da fin de semana será a recreación do desembarco dos navíos británicos do ano 1147, que atracaron no antigo porto de

Noia antes de continuar a súa viaxe a Santiago de Compostela.

Por aquela época, o porto de Noia era un dos puntos de comercio máis importantes de Galicia, chegando a ser coñecido como o Porto do Apóstolo.

Esa importancia de Noia reflíctese na actualidade no extraordinario patrimonio histórico da vila, que foi durante séculos unha das localidades máis importantes da costa galega debido ao comercio marítimo e ás rutas de peregrinación.■



Noia. Feira Medieval 2026

Iker Cotón

Lembrar a nosa historia é fundamental para comprender quen somos e de onde vimos. E en Noia téñeno claro, porque levan máis de 25 anos conmemorando o seu pasado na súa Feira Medieval, unha das máis coñecidas e importantes de toda Galicia.

Esta fin de semana, as rúas da vila transfonmaranse nun auténtico escenario medieval con artesáns, músicos, persoaxes de época e milleiros de visitantes que recrearán o pasado dunha vila que albergou un dos portos máis importantes de toda Galicia, no que se desenvolveron importantes actividades económicas e pesqueiras.

A Feira Medieval celebrárase de venres a domingo con actividades lúdicas moi variadas: exhibicións de cetrería, pasarrúas, música, teatro, obradoiros en directo, diferentes torneos, postos e actividades para os máis cativos.

Un dos puntos fortes do programa é a reivindicación histórica de diferntes eventos e lendas da vila. Unha das recreacións históricas principais será o desembarco de 1147, cando os navíos británicos cheos de peregríns chegaron ao porto de Noia, naquela época, porto de Compostela.

Nas noites do fin de semana, a Praza do Tapal será o epicentro dos diferentes concertos e espectáculos. Tamén ambientarán as noites o Gran Torneo Medieval no Paseo marítimo e o desfile de antorchas. A feira reunirá preto de 220 postos distintos de artesanía, animación e alimentación.

Noia sumérxese tres días nas súas raíces históricas

Arredor de 220 postos farán que Noia retroceda varios séculos no tempo durante a fin de semana con actividades para todas as idades



Actuación ambulante no mercado medieval de Noia.

A apertura do mercado medieval levarase a cabo mañá venres ás 17.00 horas. A primeira actuación musical da fin de semana correrá a cargo do grupo Alvorada, antes do desembarco no peirao ás 20.00 horas. A feira medieval inaugurárase de xeito oficial cun desfile ás 20.30 horas. Tras esto sucederán-

se o pasarrúas musical con Gaeloc, a actuación de Karkos o gardián da muralla e a animación itinerante do home orquestra. A actuación musical do grupo Rituals precederá a un dos pratos fortes da xornada: o espectáculo dos Abandeirados da Roscana. O grupo Alvorada será o encargado de pechar a xornada de

venres con dúas actuacións na Praza do Tapal.

O mercado medieval volverá a abrir as súas portas ás 11.00 da mañá do sábado. O grupo Alvorada revivirá a música do pasado cun percorrido itinerante. Os espectáculos de Pirulí, Pasarrúas do Fauno, Gaeloc, Krakot e Rituals ameni-

zarán a mañá do sábado, antes da actuación dos Abandeirados da Toscana.

O pasarrúas co Burro ás 14.00 horas animará as rúas da vila, antes de outra actuación de Alvorada. Tras isto máis dunha ducia de actuacións e espectáculos terán lugar en diferentes puntos do mercado medieval, antes do prato forte da tarde: o Torneo Medieval de Xustas. Alvorada volverá a poñer música ao mercado a partir das 21.00 horas, antes da caza do dragón e o desfile de antorchas. e do peche do mercado á 1.00 da madrugada.

O domingo 19 o mercado medieval retomará a súa actividade ás 11.00 da mañá, dando o pistoletazo de saída á última xornada da Feira Medieval. Gaeloc, o Fauno, o Burro, Rituals, Sirux e Alvolada animarán as rúas do mercado medieval antes do espectáculo dos Abandeirados á beira das 14.00 horas. O segundo Torneo Medieval de Xustas ás 20.30 preparará os ánimos antes dun dos espectáculos máis impresionantes da Feira Medieval: o espectáculo de lume O Bufón Plastón, na praza do Tapal ás 22.00 horas.

Tras este espectáculo, os veciños serán testigos do desfile de antorchas e posterior caza do dragón, antes da última actuación dos Abanderati da Toscana.

O espectáculo que pechará a Feira Medieval será *The Dragons y Rituals*, poñendo a guinda a unha fin de semana que transportará a vila de Noia no tempo a moitos séculos atrás, para revivir a súa historia, unha época na que esta vila mariñeira á beira na desembocadura do Tambre e o Traba sobresaía pola importancia do seu porto. ■

FÁBRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO

www.mueblesolmedo.com 981 822 550 630 279 550 NOIA






NOVA PAN NOIA S.L.

EL CORAZÓN DE TU MESA

OBRADOR PRINCIPAL Rúa Agrá de Cal de Cans, 8, 15210 Noia - 981 82 39 45

TIENDA S. LÁZARO República Argentina, 11, 15200 Noia - 981 82 46 88

TIENDA CARREIRIÑA Rúa Ferreiro, 4, 15200 Noia - 981 82 25 53

TIENDA CARCASÍA Rúa Ramón Álvarez da Braña, 1, 15200 Noia - 673 84 04 86

TIENDA BOIRO Calle Robustiano Pérez del Río, 16, 15930 Boiro - 981 46 21 15

www.novapannoia.es @nova_pan_noia



ROTULACIÓN LUMINOSOS IMPRESIÓN NAVES INDUSTRIALES LONAS VEHÍCULOS

rotulosageitos@gmail.com 981 821 565

Departamento Comercial 636 969 781

CLICKFER ALQUINOIA

604 076 221

C/ Bouciñas, 12-14 • Portobravo • Lousame

Noia. Feira Medieval 2026

CONCELLO DE NOIA

Desde a historia medieval á beleza da ría: un paseo por unha vila única

Cada recuncho de Noia agocha séculos de historia e beleza natural nas súas paisaxes

Iker Cotón

Máis alá da Feira Medieval, Noia é un dos destinos con máis encanto das Rías Baixas durante calquera época do ano, non só no verán. O seu patrimonio histórico, a súa situación privilexiada na ría e unha ampla oferta cultural e gastronómica convierten a Noia nun lugar de referencia para moitos visitantes.

Un dos puntos de visita obrigatorio para os amantes das paisaxes é o miradoiro da ría de Noia no Monte Iroite, o pico máis alto da Serra do Barbanza con vistas espectaculares ás rías de Arousa e de Muros e Noia. Outro miradoiro de referencia atópase no Monte San Lois, que conta cunha área recreativa e con vistas ao núcleo urbano de Noia en fronte da ría. Un paseo ata o pico do monte revelará aos visitantes os restos, en forma de muros, do primitivo Castro de San Lois, testemuña de que desde hai moito tempo é unha zona idónea para o asentamento humano.

Á marxe esquerda do Tambre atópase a Devesa de Nimo, un bosque atlántico costeiro ideal para un paseo no verán entre unha grande variedade de flora e fauna atlántica: carballos, salgueiros, lontras, garzas, raposos... Percorrendo o Tambre atópase tamén a Punta Paralada, dende onde se pode contemplar unha fermosa panorámica da ría de Noia e onde, segundo as lendas da vila, vivía unha serea na Cova do Encanto.

Outro punto de conexión coa na-

tureza en Noia atópase no banco marisqueiro da Misela, unha lingua de area na praia de Testal cun dos bancos de berberechos máis importantes de toda Galicia. Na época de apertura de veda, esta praia ofrece unha vista sen igual, nas que as decenas de mariscadoras e os diferentes barcos en busca do berberecho se mesturan coa paisaxe marítima.

Tamén destaca Noia polas súas praias e a súa cultura mariñeira. No real de Boa Grande pódense desfrutar de paseos pola beira do mar, nos seus case 450 metros de lonxitude, aínda que se o que se busca é un baño nun entorno tranquilo, a Praia de Boa Pequena é o sitio ideal. Ambas as dúas, xunto coa zona da Barquiña ou o propio paseo marítimo da vila constitúen un dos mellores espazos de Galicia para a observación de aves, especialmente no inverno.

Patrimonio histórico

Ademais das paraxes naturais, Noia destaca pola riqueza do seu patrimonio histórico no casco antigo. O casino, do ano 1928, é un exemplo de edificio emblemático noiense. Da mesma época é a central hidroeléctrica do Tambre, cunha arquitectura fermosa datada de 1932. No mesmo centro da vila podemos atopar edificios con diferentes estilos arquitectónicos como a Casa de Carcia de Seárez (Casa da Senra), a Casa Varela ou a Casa do Concello.



Igrexa de San Martiño de Noia, na céntrica praza do Tapal.

Noia destaca tanto polas súas paraxes naturais como pola riqueza arquitectónica da súa zona histórica

Outro lugar con atractivo arquitectónico é a Ponte de Traba. Este viaduto medieval data do século XV e está conformada por catro arcos e foi construído sobre unha estrutura anterior, data da do século XII e pola que pasaba a vía romana que atravesaba o Barbanza.

A praza do Tapal, localizada na parte máis alta da vila, foi fogar un núcleo fortificado por murallas no século XIV. No seu interior situábase a fortaleza da Mitra e o pazo dos Churruchoas, do que só se conserva un lienzo mural nun ventanal gótico.

Dous puntos de parada obrigatorio en calquera momento do verán son o Museo das Laudas, no interior da igrexa gótica de Santa María A Nova cunha exposición de lápidas sepulcrais, e o Museo do Mar de Noia, especializado na vida do mar e nos diferentes traballos do mundo mariñeiro.

O monumento máis antigo do concello atópase na Baía. Trátase do Dolmen de Argalo, coñecido como a Cova da Moura, datado do ano 3.000 a.C. Está conformado por un sarcófago formado por sete lousas verticais que formaban unha cámara interna, segundo os historiadores.

No municipio poden atoparse diferentes igrexas datadas de varias épocas. Na praza do Tapal érguese a Igrexa de San Martiño, rematada en 1434 e declarada Ben de Interese Cultural, sendo un templo representativo do gótico galego. Unha das dúas torres do templo está sen rematar xa que, segundo a cultura popular

A vila ofrece atractivos aos visitantes todo o ano, xa que é zona privilexiada para ver aves no inverno

da vila, existe unha maldición que perseguirá a quen intente acabala.

A orixe deste maleficio débese ao falecemento dun antigo mestre canteiro, que caeu da torre mentres traballaba. A suposta maldición cobrou forza tras o falecemento do cineasta sevillano Claudio Guerín no ano 1973, tras resbalar da torre filmando *Las campanas del infierno* con tan só 34 anos.

Por último, en Noia é parada obrigada a igrexa de Santa María a Nova e, sobre todo, o seu espectacular cemiterio coas lápidas no chan. ■

JCES
CONSTRUCCIONES

BOAS FESTAS

Info@construccionesjces.com
Malecón de San Lázaro 20,
15200, Noia. A Coruña

981 82 06 39
627 05 56 81
646 57 80 28